

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	2 de marzo de 2023
Duración	Desde as 20:34 ata as 21:15 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	José Carlos López Campos
Secretario	María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apellidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	NON
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ



	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M.ª CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 2 DE FEBREIRO DE 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 2 de febreiro de 2023, o **Sr. Alcalde** advirte da existencia dunha proposta de data 21/02/2023 para a corrección do acordo adoptado na mesma coa denominación “Expediente 1688/2020. DICTAMEN DE LA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSONAL Y ASUNTOS GENERALES EN RELACIÓN CON LA PROPUESTA DE PRÓRROGA DEL CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA LA CONTRATACIÓN DEL SUMINISTRO DE ELECTRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSIÓN DE LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP”, e que afecta ao punto PRIMEIRO da súa parte resolutiva, de xeito que:

ONDE DI:

LOTES 1-5	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1781					
2.0DHA	0,1974	0,1254				
2.0DHS	0,1980	0,1329	0,1163			



2.1A	0,1914					
2.1DHA	0,2099	0,1363				
2.1DHS	0,2105	0,1478	0,1220			
3.0A	0,1596	0,1470	0,1256			
AP2.0DHA	0,1974	0,1254				
AP2.1DHA	0,2099	0,1363				
AP3.0A	0,1596	0,1470	0,1256			
3.1A	0,1421	0,1358	0,1192			
6.1	0,1587	0,1475	0,1311	0,1238	0,1211	0,1152

DEBE DICIR:

LOTES 1-5		TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
Tarifa origen	Tarifa destino						
2.0A	2.0TD	0,3743	0,2701	0,2095			
2.0DHA	2.0TD	0,3707	0,2698	0,2105			
2.0DHS	2.0TD	0,3687	0,2639	0,2158			
2.1A	2.0TD	0,3743	0,2700	0,2095			
2.1DHA	2.0TD	0,3706	0,2698	0,2104			
2.1DHS	2.0TD	0,3686	0,2639	0,2158			
3.0A	3.0TD	0,3285	0,2961	0,2424	0,2375	0,2257	0,2105
AP2.0DHA	2.0TD	0,3707	0,2698	0,2105			
AP2.1DHA	2.0TD	0,3706	0,2698	0,2104			
AP3.0A	3.0TD	0,3285	0,2961	0,2424	0,2375	0,2257	0,2105
3.1A	6.1TD	0,2745	0,2488	0,2091	0,2087	0,1994	0,1960
6.1A	6.1TD	0,2654	0,2477	0,2180	0,2093	0,1937	0,1965

Sometida dita proposta a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Finalmente apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión do 2 de febreiro de 2023, previa a corrección do acordo segundo a nomeada proposta, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 421/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MÓVETE POLA QUE PROPÓN QUE O CONCELLO DA ESTRADA ASINE A DECLARACIÓN E COMPROMISO PARA A GALEGUIZACIÓN XURÍDICA DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Outórgaselle a palabra ao concelleiro do grupo municipal de MOVETE, **D. Iván Sanmartín**





Eirín, quen pasa a presentar a moción rexistrada de entrada polo seu grupo o 22/01/2023 e que se transcribe de seguido:

“O pasado 14 de xaneiro de 2023 no Pazo da Deputación de Pontevedra realizouse un acto onde unha grande parte dos concellos da Provincia de Pontevedra, asinaron unha Declaración e Compromiso para continuar contribuíndo á normalización do uso oral e escrito do galego como lingua do dereito, das relacións xurídicas e dos procesos xudiciais nos que interveñan as corporacións municipais, así como para, que as representacións procesuais das citadas corporacións solicitarán dos xulgados e tribunais, ao abeiro do artigo 7 da Lei de normalización lingüística, que se lles notifiquen en lingua galega as resolucións que lles afecten, e finalmente, para que os procedementos de licitación para adxudicar os servizos de representación e defensa xurídica a profesionais externos inclúan a cláusula de que as actuacións procesuais que se realicen en nome das corporacións dentro do territorio de Galicia serán en lingua galega.

A dita declaración e compromiso e froito da colaboración entre a Irmandade Xurídica Galega, a Deputación de Pontevedra, e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, de xeito que reflicte un amplo consenso entre un importante sector dos profesionais do ámbito do dereito e da xustiza, así como das tres forzas políticas con representación parlamentaria en Galicia.

Que entre os concellos asinantes non se atopaba o Concello de A Estrada.

Dende MOVETE consideramos que o Concello de A Estrada ten que manter o seu histórico compromiso coa nosa lingua, e que a sinatura da DECLARACIÓN E COMPROMISO PARA A GALEGUIZACIÓN XURÍDICA DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA supón un evidente avance na normalización do galego nun ámbito como é o dereito e a xustiza onde aínda queda moito camiño por percorrer neste eido.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

Que se proceda a subscribir e asinar polo Concello de A Estrada a seguinte Declaración e Acordo:

**“A GALEGUIZACIÓN XURÍDICA DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
DECLARACIÓN**

A Constitución Española, o Estatuto de Autonomía para Galicia e a Lei de normalización lingüística significaron un cambio fundamental no ordenamento xurídico das linguas e recoñeceron o galego como idioma propio e oficial de Galicia.

As consecuencias desa declaración de oficialidade para o ámbito da xustiza están recollidas nos artigos 7 de Lei de normalización e 231 da Lei orgánica do poder xudicial, nas que se establece que as actuacións xudiciais serán válidas e producirán os seus efectos calquera que for a lingua oficial empregada, e que os cidadáns, os seus avogados e procuradores, as testemuñas e os peritos teñen dereito a usaren o galego oralmente e por escrito nas súas actuacións perante os órganos xurisdiccionais de Galicia sen ningunha limitación.

Como a Lei de normalización lingüística recoñece, o devir histórico do noso país e o dilatado período de tempo durante o que o uso da lingua galega se veu arredado do mundo da xustiza esixen un proceso de normalización e que o Ministerio de Xustiza, a Consellería de





Presidencia, as oficinas xudiciais e os profesionais do dereito (en especial, os avogados) realicen un esforzo específico para facermos real e efectiva a liberdade e igualdade dos cidadáns galego-falantes, de xeito que se poida utilizar verbalmente e por escrito a lingua galega sen ningunha clase de atranco ou prevención, e sen que iso comporte demoras indebidas na tramitación dos procesos.

Nese marco, a Irmandade Xurídica Galega, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos asinantes que interveñen en representación e defensa delas, consideran unha especial importancia polo relevante papel que as corporacións locais veñen xogando no proceso de normalización, como establece o artigo 7 da Lei de administración local de Galicia.

Por esa razón, o exemplo e coherencia lingüística das corporacións locais e dos letrados que para elas traballan é fundamental e un compromiso público dos alcaldes e concelleiros e dos seus avogados e procuradores é inescusable.

Polo exposto, os abaixo asinantes, autoridades locais da provincia da Pontevedra, declaramos e acordamos formal e solemnemente o seguinte

COMPROMISO

Primeiro. Continuar contribuíndo á normalización do uso oral e escrito do galego como lingua do dereito, das relacións xurídicas e dos procesos xudiciais nos que interveñan as corporacións ás que representamos.

Segundo. Que as representacións procesuais das nosas corporacións solicitarán dos xulgados e tribunais, ao abeiro do artigo 7 da Lei de normalización lingüística, que se lles notifiquen en lingua galega as resolucións que lles afecten.

Terceiro. Que os procedementos de licitación para adjudicar os servizos de representación e defensa xurídica a profesionais externos incluírán a cláusula de que as actuacións procesuais que se realicen en nome das corporacións dentro do territorio de Galicia serán en lingua galega.”

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, quen, antes de entrar a debater a moción que se está a tratar, quere trasladar e pedir que o importe das cantidades a cobrar polos membros do seu grupo en concepto de indemnización por asistencias a esta sesión plenaria sexa ingresado como doazón a favor da *Asociación Intervenciones, Ayuda y Emergencias* para o envío de axuda humanitaria a Turquía e Irán con motivo do recente terremoto que asolou ambos os dous territorios.

Entrando na materia do punto a tratar, di que o grupo socialista votará a favor desta moción por considerar que é un complemento á Ordenanza municipal de Normalización Lingüística existente, pedindo que, por parte do grupo de goberno, se leve un control do cumprimento dos termos recollidos na moción que estamos a tratar e que serán os acordos que se van a adoptar, así como da Ordenanza municipal existente.

Pide a palabra a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dña. Susana Camba Castro**, para trasladar o seu apoio a esta moción por parecerlle moi importante que a nosa lingua se



normalice en todos os organismos públicos e xudiciais.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada con data 22/01/2023 (registro de entrada 2023-E-RPLN-1) polo grupo municipal de MÓVETE pola que se propón que o Concello de A Estrada asine a declaración e compromiso para a galeguización xurídica dos concellos da provincia de Pontevedra, xa asinada o pasado 14/01/2023 no Pazo a Deputación de Pontevedra nun acto por varios concellos.

Visto o ditame favorable acadado pola Comisión Informativa de Cultura e Deportes, en sesión celebrada o 06/02/2023.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Aprobar a sinatura por parte deste Concello da Declaración de galeguización xurídica dos concellos da provincia de Pontevedra, que se transcribe a continuación:

“A Constitución Española, o Estatuto de Autonomía para Galicia e a Lei de normalización lingüística significaron un cambio fundamental no ordenamento xurídico das linguas e recoñeceron o galego como idioma propio e oficial de Galicia. As consecuencias desa declaración de oficialidade para o ámbito da xustiza están recollidas nos artigos 7 de Lei de normalización e 231 da Lei orgánica do poder xudicial, nas que se establece que as actuacións xudiciais serán válidas e producirán os seus efectos calquera que for a lingua oficial empregada, e que os cidadáns, os seus avogados e procuradores, as testemuñas e os peritos teñen dereito a usaren o galego oralmente e por escrito nas súas actuacións perante os órganos xurisdicionais de Galicia sen ningunha limitación.

Como a Lei de normalización lingüística recoñece, o devir histórico do noso país e o dilatado período de tempo durante o que o uso da lingua galega se veu arredado do mundo da xustiza esixen un proceso de normalización e que o Ministerio de Xustiza, a Consellería de Presidencia, as oficinas xudiciais e os profesionais do dereito (en especial, os avogados) realicen un esforzo específico para facermos real e efectiva a liberdade e igualdade dos cidadáns galego-falantes, de xeito que se poida utilizar verbalmente e por escrito a lingua galega sen ningunha clase de atranco ou prevención, e sen que iso comporte demoras indebidas na tramitación dos procesos.



Nese marco, a Irmandade Xurídica Galega, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos asinantes que interveñen en representación e defensa delas, consideran unha especial importancia polo relevante papel que as corporacións locais veñen xogando no proceso de normalización, como establece o artigo 7 da Lei de administración local de Galicia.

Por esa razón, o exemplo e coherencia lingüística das corporacións locais e dos letrados que para elas traballan é fundamental e un compromiso público dos alcaldes e concelleiros e dos seus avogados e procuradores é inescusable.

Polo exposto, o Concello da Estrada, previo acordo do Pleno desta corporación de data 2 de marzo de 2023, declara e acorda formal e solemnemente o seguinte

COMPROMISO

Primeiro. Continuar contribuíndo á normalización do uso oral e escrito do galego como lingua do dereito, das relacións xurídicas e dos procesos xudiciais nos que interveñan as corporacións ás que representamos.

Segundo. Que as representacións procesuais da nosa corporación solicitarán dos xulgados e tribunais, ao abeiro do artigo 7 da Lei de Normalización Lingüística, que se lles notifiquen en lingua galega as resolucións que lles afecten.

Terceiro. Que os procedementos de contratación para adxudicar os servizos de representación e defensa xurídica a profesionais externos incluirán a cláusula de que as actuacións procesuais que se realicen en nome das corporacións dentro do territorio de Galicia serán en lingua galega.”

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura da nomeada Declaración.

Expediente 1064/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN O VINDEIRO DÍA 8 DE MARZO DO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra a Concelleira delegada de Benestar, Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, para dar lectura á moción conxunta de todos os grupos políticos con representación municipal, redactada con motivo da celebración o día 8 de marzo de 2023 do “Día Internacional da Muller”, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“Neste ano 2023 os grupos políticos do Concello da Estrada queremos destacar que aínda que foron moitos os avances conseguidos, as desigualdades aínda persisten, igual que a discriminación e a violencia ás mulleres polo feito de selo, ante este feito non caben mornezas e non é entendible ser neutrais.



O 8 de marzo foi proclamado o Día Internacional polos Dereitos da Muller pola Organización das Nacións Unidas en 1975. Desde entón, é un día de celebración polos avances que conseguimos ao longo da historia e de reivindicación polo que nos queda por alcanzar en materia de igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida

É indubidable que España é referente en materia de igualdade, o noso marco normativo é exemplo para moitos países que nos recoñecen a firme defensa dos dereitos das mulleres situándonos á cabeza no Índice Europeo de Igualdade de Xénero, neste sentido en Galicia destacamos pola nosa Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, impulsora no recoñecemento das distintas formas de violencia e desigualdades

Este ano convócanos a necesidade de afianzar todos os avances conseguidos porque non debemos esquecer os colectivos vulnerables onde as mulleres atópanse en situacións de discriminación múltiple: por ser mulleres e por ter unha discapacidade, ser dunha raza ou etnia concreta, ter unha determinada idade ou vivir e traballar fóra das grandes cidades ou núcleos de poboación.

Neste sentido temos en conta ás mulleres do mundo rural e o seu papel fundamental no desenvolvemento de actuacións relacionadas coa loita contra o despoboamento e o reto demográfico.

No aspecto laboral, vendo os datos dos diferentes indicadores como traballo a tempo parcial, salarial, sectores produtivos, carreira profesional etc., as condicións de traballo das mulleres continúan a ser peores que as dos homes, tendo pouca presenza en determinados sectores profesionais e en cargos de dirección empresarial.

Ata hai uns anos o pensamento xeneralizado era que a violencia contra as mulleres era consecuencia de actitudes individuais e do ámbito privado. Grazas aos avances conquistados e a maior visualización e sensibilidade por parte da sociedade, conseguiuase situala no centro das preocupacións, con categoría de problema social, coa obrigación de dar resposta inmediata desde os poderes públicos. As violencias de xénero constitúen a cara máis escura da desigualdade.

Desde o ámbito local debemos seguir co compromiso de construír unha sociedade igualitaria, que garanta os dereitos de todas as persoas, así como a participación activa na vida local.

Estes compromisos débense plasmar no deseño e xestión dunhas políticas locais que convertan ás nosas sociedades en motores de transformación. É por iso que propoñemos:

Primeiro.- Intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas encamiñadas a fomentar o emprego, o empoderamento e a educación para a igualdade de oportunidades.

Segundo.- Incorporar a perspectiva de xénero en toda a actividade local e establecer unha coordinación adecuada entre as diversas áreas dos gobernos locais. Actualizar os sistemas e protocolos de actuación no desenvolvemento das políticas de igualdade en coordinación con todas as entidades implicadas.

Terceiro.- Expor sistemas de recompilación de datos desagregados para comprender e abordar as desigualdades de xénero para que, da súa análise, podamos ofrecer unha resposta axeitada e eficaz.



Cuarto.- Ampliar o sistema de atención a as vítimas de todas as formas de violencia machista contra as mulleres no marco das nosas competencias, avanzando na mellora dos sistemas de detección temperá, situando no centro de todas as medidas os dereitos das vítimas e o seu empoderamento, e atendendo ao recoñecemento ao dereito de reparación das vítimas.

Quinto.- Sumarnos e convidar a toda a Cidadanía a participar nosos actos organizados con motivo do 8M, así como aquelas accións e iniciativas que reivindiquen a igualdade e contra a violencia contra as mulleres.”

Intervén o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que lle parece un acerto que fóra o CIM o que redactara esta moción conxunta e, polo tanto, votarán a favor da súa aprobación.

Pide a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para trasladar a súa alegría por haber chegado, un ano máis, a un unánime consenso coa moción elaborada polo departamento municipal do CIM, e, neste momento, o seu grupo a apoia totalmente por considerar importante seguir visualizando as desigualdades laborais das mulleres, moitas veces provocadas pola necesidade de compatibilizar os seus traballos coas obrigas derivadas das labores do fogar ou do coidado de maiores ou nenos, e outras polo difícil acceso ao mercado laboral por causa de ser muller ou home.

A voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, toma a palabra para trasladar o seu apoio a esta moción agardando que nalgún momento das nosas vidas non teñamos que agardar ao 8 de marzo para reivindicar os dereitos das mulleres e a súa igualdade.

O **Sr. Alcalde** intervén para dar os parabéns a todos os grupos municipais por amosar unanimemente a nosa madurez nas cousas tan importantes como esta, felicitándoos por chegar a este acordo unánime.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción elaborada conxuntamente por todos os grupos políticos municipais con motivo da celebración o vindeiro día 8 de marzo do “Día Internacional da Muller”, a cal se transcribe a continuación:

“Neste ano 2023 os grupos políticos do Concello da Estrada queremos destacar que aínda que foron moitos os avances conseguidos, as desigualdades aínda persisten, igual que a discriminación e a violencia ás mulleres polo feito de selo, ante este feito non caben mornezas e non é entendible ser neutrais.



O 8 de marzo foi proclamado o Día Internacional polos Dereitos da Muller pola Organización das Nacións Unidas en 1975. Desde entón, é un día de celebración polos avances que conseguimos ao longo da historia e de reivindicación polo que nos queda por alcanzar en materia de igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida

É indubidable que España é referente en materia de igualdade, o noso marco normativo é exemplo para moitos países que nos recoñecen a firme defensa dos dereitos das mulleres situándonos á cabeza no Índice Europeo de Igualdade de Xénero, neste sentido en Galicia destacamos pola nosa Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, impulsora no recoñecemento das distintas formas de violencia e desigualdades

Este ano convócanos a necesidade de afianzar todos os avances conseguidos porque non debemos esquecer os colectivos vulnerables onde as mulleres atópanse en situacións de discriminación múltiple: por ser mulleres e por ter unha discapacidade, ser dunha raza ou etnia concreta, ter unha determinada idade ou vivir e traballar fóra das grandes cidades ou núcleos de poboación.

Neste sentido temos en conta ás mulleres do mundo rural e o seu papel fundamental no desenvolvemento de actuacións relacionadas coa loita contra o despoboamento e o reto demográfico.

No aspecto laboral, vendo os datos dos diferentes indicadores como traballo a tempo parcial, salarial, sectores produtivos, carreira profesional etc., as condicións de traballo das mulleres continúan a ser peores que as dos homes, tendo pouca presenza en determinados sectores profesionais e en cargos de dirección empresarial.

Ata hai uns anos o pensamento xeneralizado era que a violencia contra as mulleres era consecuencia de actitudes individuais e do ámbito privado. Grazas aos avances conquistados e a maior visualización e sensibilidade por parte da sociedade, conseguiuase situala no centro das preocupacións, con categoría de problema social, coa obrigación de dar resposta inmediata desde os poderes públicos. As violencias de xénero constitúen a cara máis escura da desigualdade.

Desde o ámbito local debemos seguir co compromiso de construír unha sociedade igualitaria, que garanta os dereitos de todas as persoas, así como a participación activa na vida local.

Estes compromisos débense plasmar no deseño e xestión dunhas políticas locais que convertan ás nosas sociedades en motores de transformación. É por iso que propoñemos:



Primeiro.- Intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas encamiñadas a fomentar o emprego, o empoderamento e a educación para a igualdade de oportunidades.

Segundo.- Incorporar a perspectiva de xénero en toda a actividade local e establecer unha coordinación adecuada entre as diversas áreas dos gobernos locais. Actualizar os sistemas e protocolos de actuación no desenvolvemento das políticas de igualdade en coordinación con todas as entidades implicadas.

Terceiro.- Expor sistemas de recompilación de datos desagregados para comprender e abordar as desigualdades de xénero para que, da súa análise, podamos ofrecer unha resposta axeitada e eficaz.

Cuarto.- Ampliar o sistema de atención a as vítimas de todas as formas de violencia machista contra as mulleres no marco das nosas competencias, avanzando na mellora dos sistemas de detección temperá, situando no centro de todas as medidas os dereitos das vítimas e o seu empoderamento, e atendendo ao recoñecemento ao dereito de reparación das vítimas.

Quinto.- Sumarnos e convidar a toda a Cidadanía a participar nosos actos organizados con motivo do 8M, así como aquelas accións e iniciativas que reivindiquen a igualdade e contra a violencia contra as mulleres.”

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación na sesión celebrada o 23/02/2023.

E, á vista do debatido nesta sesión, se adoptan, por unanimidade, os seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas encamiñadas a fomentar o emprego, o empoderamento e a educación para a igualdade de oportunidades.

Segundo.- Incorporar a perspectiva de xénero en toda a actividade local e establecer unha coordinación adecuada entre as diversas áreas dos gobernos locais. Actualizar os sistemas e protocolos de actuación no desenvolvemento das políticas de igualdade en coordinación con todas as entidades implicadas.

Terceiro.- Expor sistemas de recompilación de datos desagregados para comprender e abordar as desigualdades de xénero para que, da súa análise, podamos ofrecer unha resposta axeitada e eficaz.



Cuarto.- Ampliar o sistema de atención ás vítimas de todas as formas de violencia machista contra as mulleres no marco das nosas competencias, avanzando na mellora dos sistemas de detección temperá, situando no centro de todas as medidas os dereitos das vítimas e o seu empoderamento, e atendendo ao recoñecemento ao dereito de reparación das vítimas.

Quinto.- Sumarnos e convidar á toda a cidadanía a participar nos actos organizados con motivo do 8M, así como a aquelas accións e iniciativas que reivindiquen a igualdade e en contra á violencia ás mulleres.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta aos grupos municipais se queren presentar algunha moción de urxencia; non habendo, continúaase co indicado na Orde do Día desta sesión.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 31 DE XANEIRO DE 2023 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 31 de xaneiro de 2023 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2023-00049 ao número 2023-0121 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE FEBREIRO DE 2023 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 15 de febreiro de 2023 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2023-0122 ao número 2023-0197 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS



O **Sr. López Bueno**, voceiro do grupo do Partido Socialista, intervén para trasladar varios rogos, así, en primeiro lugar, lembra que na parroquia de Couso, a parte de que a pista de Barco segue sen arranxar, existen outras deficiencias, tales como a arqueta que quedou debaixo do asfaltado do camiño que entra de cara á igrexa dende a estrada a Santiago e que provocou un buraco importante e moi perigoso para os peóns e para os vehículos, polo que prega que se arranxe; tamén nesa mesma zona, existe unha parcela municipal á que se lle fixo un acceso no seu momento e que está a provocar que as augas baixen por unha pista de cara a unha casa provocando a inundación do seu garaxe cando chove, polo que considera que convén facer un enreixado que limite o paso de auga por esa pista. Así mesmo, a veciñanza de Couso reclama melloras na escola unitaria e a iluminación na contorna da ponte colgante. Por outra banda, a mesma veciñanza lle comunica que xunto á dita ponte colgante existe unha masa común con carballos e que, segundo parece, o Concello adoptou unha serie de compromisos para facer unha serie de pagamentos co fin de manter esas árbores e non cortalas, non sabendo claramente como e que de maneira, polo que pide que se lle explica cal é a situación xurídica de como se pretender facer eses pagamentos, ademais de pregar que se poña solución a esta situación que se arrastra dende fai anos.

Continúa, en relación coa denuncia pública feita polo seu grupo na prensa sobre a conservación da Casa das Letras, algo que se ven dando dende o ano 2021 e que, a día de hoxe, aínda non se solucionaron, tales como o estado da pintura dos aseos e algunha obra de enxeñería discutible nas fiestras dos mesmos (reixas); así mesmo, as persoas usuarias deste edificio se queixan de tres cuestións: os malos cheiros que desprenden os aseos, o mal estado do mobiliario actual e a falta de limpeza, sendo necesario un reforzo para esta tarefa. Ante todo dito prega que sexan solucionados todos os problemas enumerados.

Prega que se limpen as pintadas existentes no baño intelixente sito nos Xardíns municipais.

Informa que ao semáforo sito no cruce onde está a Carnicería Codesido lle falta unha luminaria, facéndolle sospeitar que pode ser que a outros semáforos existentes no caso urbano tamén lle poidan faltar algunha peza, polo tanto pide que se faga unha revisión destes elementos.

Pregunta que apoios ten o grupo de goberno para a reforma que se fixo na rúa Serafín Pazo, xa que anunciaban en prensa que se eliminaban nesa rúa as prazas de aparcamento co apoio veciñal, constándolle a el que non é así.

A esta último pregunta o **Sr. Alcalde** contesta que foi unha decisión baseada en criterios técnicos, xa que non se poden seguir mantendo dentro do Plan de Mobilidade, porque en determinadas rúas, se queremos seguir avanzando en seguridade vial dos peóns, existen escasos 60 centímetros que no garanten a accesibilidade polo que se recomenda polos técnicos eliminar as prazas de aparcamento. Di que nalgún momento houbo un debate para barallar a posibilidade de cambiar o aparcamento no sentido esquerdo da circulación, pero unha serie de veciños e veciñas no estaban de acordo e, debido ao acondicionamento do aparcadoiro do Teatro, consideraban factible a eliminación desas prazas de aparcamento na rúa, garantindo que, nun futuro próximo, se acometese ese plan de accesibilidade e mobilidade dentro do PEMUS as melloras de accesibilidade das persoas polas beirarrúas, sendo ese o obxectivo do grupo de goberno e así se lle trasladou a todos os veciños e veciñas. Di que houbo algunha queixa, pero se lles explicou que era por unha cuestión de seguridade viaria e que en pouco tempo se tería un proxecto para gañar espazo nas beirarrúas desa rúa e o seu axeitado acondicionamento, cuestión que foi entendida.

O **Sr. López Bueno** di que existen dous plans, un deles o de mobilidade e onde non se contempla ningún proxecto para esa rúa; e no de accesibilidade, tampouco se fai referencia á ampliación de beirarrúas e si á retirada de determinados



elementos.

Continúa coa súa intervención preguntando como avanza a confección do Orzamento para o ano 2023.

Responde o **Sr. Alcalde** informando que o martes que ven está prevista unha reunión co departamento municipal de Intervención, porque cre que xa ten a estrutura básica do Orzamento preparada, co fin de rematar a finais deste mes de marzo. Non pode avanzar información sobre su estado por carecer dela ata que se celebre a nomeada reunión co órgano interventor.

Por último, o **Sr. López Bueno** pregunta, en relación coa partida de 50.000 € anunciada polo grupo de goberno para a reforma do parque infantil da Avda de Santiago, se se ten previsto iniciar as actuacións nun corto prazo.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que as labores de mantemento xa están contratadas, de feito se está pendente da chegada dalgunhas pezas dos xogos infantís para ser instaladas, iso é o que comunica a empresa encargada. En canto á ampliación do parque, se solicitou unha subvención para elo, pero non foi concedida por non acadar a puntuación mínima esixida, estando o proxecto actualmente enriba da mesa co fin de atopar os fondos necesarios para acometelo, algo prioritario para o grupo de goberno por ser un parque infantil necesario.

Toma a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para rogar que se atenda a solicitude presentada o 12/12/2022 por unha veciña de Trabadelas - Ribela, pola que pregaba que se solucionara a entrada de auga na súa vivenda cando chove, problema derivado dunhas obras de colocación de canos feitas nun camiño próximo, canos que deben de estar atascados porque cada vez que chove a auga entra na súa casa. Ante o anterior, pide que se resolva esta situación canto antes.

Traslada a solicitude dunha veciña de Vendexa - Orazo para que se volva a colocar un punto de luz que foi retirado e que lle daba servizo a súa vivenda, servizo necesario por causa de que vive soa. Prega que sexa atendida.

Traslada a súa preocupación polo estado de elaboración do Orzamento para este ano, instándolle ao grupo de goberno que, cando sexa sometido á Comisión Informativa correspondente, non se traia un documento pechado, senón que permita aos grupos da oposición o presentar propostas para o seu debate, como se facía ao principio desta lexislatura, importante cuestión sobre todo tendo en conta que estamos ante un ano electoral e non sabemos o que vai a pasar.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen, en primeiro lugar, pregunta sobre o asfaltado da pista que vai da Costa a Guimarei, porque aínda non se acometeu e o seu estado é lamentable.

O **Sr. Alcalde** informa que están aprobadas varias actuacións en Guimarei, entre elas a pista da Costa, dentro dun dos dous proxectos de asfaltados que están en Secretaría pendente de lanzar a súa licitación.

A **Sra. Camba Castro** di que se estiveron facendo asfaltados polas rúas do Matadoiro e 36, pero as beirarrúas da Rúa 36 están en moi mal estado, polo que pregunta se tamén se van a facer actuacións sobre as beirarrúas.

O **Sr. Alcalde** lle responde que aínda non hai un proxecto definitivo, aproveitando esta pregunta para dicir que o Plan de Accesibilidade non fala de accións concretas, pero o que está claro é que, se queremos accesibilidade, temos que ter beirarrúas anchas e con boa mobilidade, polo que se vai a acometer estas accións coas posibilidades que vaíamos tendo. Di que, a día de hoxe, se está a traballar na elaboración da Axenda Urbana e que vai a ser a folla de ruta que marque a



posibilidade de acudir a fondos europeos deste novo período, e unha parte importante deses proxectos van dirixidos á mellora da mobilidade e accesibilidade, dentro da que se inclúe a mellora das nosas beirarrúas. Continúa informando que hai zonas, como a rúa de Alfonso Varela e a rúa 36, nas que o firme está bastante deteriorado, provocando problemas de accesibilidade nas súas beirarrúas, sendo unha das actuacións máis importantes á hora de acometer co Plan de Mobilidade e Accesibilidade, ao igual que no tramo pendente da rúa Justo Martínez e outras rúas máis, en definitiva, estamos ante un proxecto ambicioso.

A **Sra. Camba Castro** pregunta se se van a anhear as beirarrúas con este plantexamento urbano, porque na entrada e saída do CEIP Pérez Viondi son tan estreitas que obrigan baixar á calzada aos peóns, lembrando que cando se estaba a elaborar a Axenda Urbana se falaba de facer un camiño seguro de cara a este centro educativo.

O **Sr. Alcalde** di que en moitas rúas é incompatible a dobre circulación co anheamento das beirarrúas e coa colocación de prazas de aparcamento, algo que pasa no tramo superior da rúa Pérez Viondi e no tramo do CEIP, polo que é preciso tomar decisións e priorizar os servizos; polo que estamos ante un debate que teremos que abrir no seu momento e valorar a decisión a tomar.

Continúa coa súa intervención a **Sra. Camba Castro** para rogar que as sesións plenarias sexan retransmitidas vía streaming ou por Radio Estrada.

O **Sr. Alcalde** informe que está pre-concedida unha subvención directa polo Ministerio por importe de 145.000 € para a transformación dixital dos Concellos, na que se engloban accións como a integración do rexistro único, a carpeta cidadá e a vídeo acta (na que se inclúe a gravación das sesións e a posibilidade da emisión en streaming das sesións). Polo tanto, o expediente está en tramitación para a súa posterior licitación.

Non habendo máis intervencións por parte dos concelleiros e concelleiras que forman o Pleno, o **Sr. Alcalde** pregunta ao público asistente se quen formular algún rogo ou pregunta, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá.

Non existindo ningunha petición de intervención polo público presente, se procede a levantar a sesión.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

